

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CORTES XERAIS

12005 *Reforma do Regulamento do Senado sobre o uso das linguas oficiais nas comunidades autónomas na actividade da cámara.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, xa no seu preámbulo, proclama a vontade de protexer as linguas de «todos os españois e pobos de España» e no seu artigo terceiro, ademais de recoñecer que serán oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos de autonomía, establece que serán obxecto «de especial respecto e protección».

A aprobación ulterior dos estatutos de autonomía comportou a declaración de oficialidade das linguas nos seus respectivos territorios xunto ao castelán e o recoñecemento do dereito ao seu uso, que hoxe, a máis de trinta anos da aprobación da Constitución, é normal e xeral non só na sociedade senón tamén nas institucións dos ditos territorios e moi singularmente nos seus parlamentos.

Hoxe, o Senado, para exercer con plenitude a súa función como cámara de representación territorial que lle outorga o artigo 69.1 da Constitución, e de acordo coa vontade constitucional de protexer e respectar as linguas de «todos os españois e pobos de España», considera necesario exercer a potestade que lle confire o artigo 72.1 da Constitución e reformar o seu regulamento para ampliar ao conxunto da actividade da Cámara, e singularmente ao Pleno, a posibilidade de que as intervencións se realicen en calquera das linguas oficiais nunha comunidade autónoma, hoxe recoñecida xa nas sesións da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas.

A facultade de utilizar as linguas que, co castelán, teñan o carácter de oficiais nalgunha comunidade autónoma quedou recoñecida por vez primeira no texto refundido do Regulamento do Senado, do 3 de maio de 1994, que autorizou o uso de calquera das ditas linguas na primeira intervención do presidente electo na sesión constitutiva, nas intervencións que teñan lugar no debate sobre o estado das autonomías que se desenvolve na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas e nos escritos de cidadáns e institucións dirixidos ao Senado.

Posteriormente, o 29 de xuño de 2005 aprobouse unha nova proposta de reforma do Regulamento do Senado sobre a ampliación do uso das linguas oficiais nas comunidades autónomas no Senado, que permite o seu emprego en todas as sesións da Comisión Xeral de Comunidades Autónomas, e autoriza a publicación das iniciativas de carácter non legislativo que sexan presentadas nas ditas linguas, ademais do castelán, na sección do Senado do «Boletín Oficial de las Cortes Generales».

Estas reformas xa foron asumidas no seu día como os pasos iniciais dun proceso de recoñecemento gradual do uso das linguas oficiais nas comunidades autónomas no Senado. A posta en práctica destas primeiras reformas, e moi singularmente a implementación dun sistema de tradución simultánea nas sesións da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas, foron moi positivas e viñeron demostrar que o uso das linguas oficiais, a práctica do plurilingüismo, aplicando os recursos tecnolóxicos de tradución hoxe dispoñibles, non só non constitúe un obstáculo para o normal funcionamento da vida parlamentaria desta Cámara senón que a enriquece e favorece un clima de liberdade, de normalidade e, en definitiva, de convivencia democrática. De aí que o propio Pleno do Senado expresase a súa vontade de iniciar novas reformas regulamentarias que amplíen a posibilidade de uso das linguas oficiais ao Pleno e ás Comisións.

Así, a punto de finalizar a pasada legislatura, o Pleno do Senado aprobou unha moción, na sesión celebrada o día 18 de decembro de 2007, pola que se comprometía a promover a reforma do Regulamento da Cámara co obxecto de recoñecer e amparar, no conxunto da actividade ordinaria do Pleno e das Comisións, o uso oral e escrito de calquera das linguas que teñan o carácter de oficiais nalgunha comunidade autónoma.

Iniciada a presente lexislatura, o Pleno do Senado, na súa sesión celebrada o día 27 de maio de 2008, volveu aprobar unha nova moción do mesmo teor pola que se obrigaba a promover a reforma do Regulamento da Cámara co obxecto de recoñecer e amparar, no conxunto da actividade ordinaria do Pleno e das comisións, o uso oral e escrito de calquera das linguas que teñan o carácter de oficiais nalgunha comunidade autónoma, con efectos a partir da presente lexislatura.

A reforma que hoxe se propón inscribese na mesma liña de reformas anteriores que ampliaban as posibilidades de uso das linguas oficiais na actividade do Senado e vén dar cumprimento aos diversos acordos de Pleno que apuntaban na dita dirección e particularmente ao citado do 27 de maio de 2008 para que nesta lexislatura o Senado incorpore na súa actividade ordinaria o normal uso das linguas que teñan o carácter de oficiais nalgunha comunidade autónoma, en coherencia coa súa condición de cámara territorial.

Artigo único.

1. Engádesse un novo número 3 ao artigo 20 co seguinte contido:

«3. Xunto ao seu texto en castelán, os senadores poderán utilizar calquera das linguas que teñan o carácter de oficiais nalgunha comunidade autónoma de acordo coa Constitución e o correspondente estatuto de autonomía para a presentación de escritos no Rexistro da Cámara.»

2. Engádesse un novo número 5 ao artigo 84 co seguinte contido:

«5. Os senadores poderán intervenir no Pleno, con ocasión do debate das mocións, en calquera das linguas que teñan o carácter de oficiais nalgunha comunidade autónoma de acordo coa Constitución e o correspondente estatuto de autonomía.»

3. O artigo 191.2 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Se o autor dunha iniciativa a presenta en castelán e ademais nunha lingua que teña o carácter de oficial nalgunha comunidade autónoma, de acordo coa Constitución e o correspondente estatuto de autonomía, a iniciativa publicarase tamén nesta lingua.»

4. Introdúcese unha nova disposición adicional quinta, co seguinte contido:

«O Senado, como cámara territorial, ampara o normal uso oral e escrito de calquera das linguas que teñan o carácter de oficiais nalgunha comunidade autónoma nas seguintes actividades da Cámara:

Na primeira intervención do presidente do Senado ante o Pleno da Cámara. Nas intervencións que se produzan nas sesións da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas.

Nas intervencións que teñan lugar no Pleno con ocasión do debate de mocións.

Na publicación de iniciativas cando sexan presentadas, ademais de en castelán, en calquera outra das citadas linguas oficiais.

Na presentación de escritos no Rexistro da Cámara por parte dos senadores.

Nos escritos que os cidadáns e as institucións dirixan ao Senado.»

Disposición derradeira.

Esta reforma do regulamento entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2011.

Palacio do Senado, 21 de xullo de 2010.–O presidente do Senado, Francisco Javier Rojo García.